

VIERNES, 14 de enero de 2011

REPORTAJE: LUCES

A nova sabotaxe de Lois Pereiro

Reedicións, traducións, antoloxías, biografías, documentais ou discos homenaxe compoñen a avalancha de materiais que indagan no poeta das Letras deste ano

ÓSCAR IGLESIAS | 14 ENE 2011

"Cando tiña 16 anos, Kropotkin fíxome crer que podía ser posible a súa estratexia d'*A conquista do pan*. Á súa dereita, a expresión bondadosa e miope de Castelao ou Bóveda. Bakunin noutra asento da mesa, a CNT-FAI, Ricardo Mella; máis aló Engels e Marx, Trotsky e Lenin vixiando a porta; e logo Voltaire, Fourier e os utópicos, Lafargue, Ho-Chi-Minh".

Á pregunta de como encaixaría Lois Pereiro, nihilista activo, a liturxia laica do 17 de maio, Xosé Manuel Pereiro deixa falar ao irmán. Para o xornalista, calquera escritor busca o recoñecemento, "consciente ou inconscientemente". "A el non lle apetecía figurar nos círculos intelectuais, pero tamén agradecía que a súa obra fose valorada. Con algúns homenaxes estaría encantado, con algúns outros mosqueríase e nalgúns casos poñería ese sorriso irónico que era a súa expresión máis característica". No caso do autor, canda Manuel Antonio, máis libertario dos que levan merecido o Día das Letras, será máis difícil ca nunca separar a lectura da obra da ilusión biográfica, desta volta con adubío malditista, pero hai de todo, en case todos os xéneros e soportes. Ensaio, biografías xornalísticas e noveladas, audiolibros, discos, teatro, banda deseñada e documentais.

"Non lle apetecía estar nos círculos; si que valorasen a súa obra", di o irmán

Positivas reeditou 2.000 exemplares de cada libro de poemas e 1.500 do inédito

"Ten méritos como Valente ou Biedma", considera o seu editor en castelán

Bragado, de Xerais: "É o maior esforzo editorial dos últimos anos"

Iago Martínez: "Até onde lembro, é o primeiro poeta que aparece en pintadas"

A consellería promete

O primeiro selo que fixou a súa poesía reedita os dous volumes que publicou en vida, *Poemas 1981/1991* (Positivas, 1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (Positivas, 1995). E o inédito *Conversa ultramarina*, unha caste de diario a partir das cartas que lle enviou durante tres meses de 1995 á súa compañeira, Piedad Cabo, que Lois consideraba "impublicable e irreproducibile, a non ser que o beneficio que lle reporte lle sirva para comer un sándwich en Chinatown". "Nós dixémoslle: "Queremos inaugurar Di-Versos [a marca poética de Positivas] contigo. E el fixo de editor da súa propia obra". "Sen el", di o responsable do selo, Paco Macías, "non existiría Positivas". Daquela tiraron 1.500 exemplares, que se esgotaron nun ano. Desta baza serán 2.000 por libro e 1.500 para a *Conversa*, segundo o impulsor da edición de Positivas, Hugo Martínez -sobriño de Piedad Cabo-, declaración de amor "a todos os seus amigos". A edición deste diario mecanoscrito -os orixinais quedaron entre os papeis que deixou na casa familiar- "ten o valor do testamento e do testemuño dunha xeración". "Quere ordear a habitación e devolverlle á xente o amor que lle deu".

Espiral Maior, que en 1996 publicara a título póstumo *Poemas para unha loia*, coas pezas que escribira na revista homónima madrileña (coa inclusión do célebre ensaio *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*), tirou xa *Radiografía do abismo*, e pronto sairá do prelo *Diccionario de sombras*, ambos do seu amigo Antón Patiño.

"poñer en valor" a súa obra en castelán e inglés O segundo quere ser unha aproximación máis teórica, mentres o primeiro postula, na intención do artista, "unha sorte de *mise en abyme* semellante á que doutro xeito o poeta foi quen de facer na súa escrita-vida". A achega ao poeta punk, romántico e expresionista a un tempo, interpela ao seu proceso creativo, mesturando a obra cos retallos biográficos.

Do máis destacado son as versións en inglés e castelán do escritor monfortino. Small Station Press publicará contra abril *Collected poems*, uns 120 poemas que inclúen os dous primeiros libros e os 26 poemas de *Loía*. Con prólogo de Manuel Rivas e tradución de Jonathan Dunne, o responsable da primeira antoloxía en inglés da literatura galega asegura unha tirada "importante" e distribución no mundo anglosaxón. En revistas como *Poetry review* -que aínda o mes pasado sacou un suplemento con poetas galegos actuais- ou *Modern poetry in translation* tampouco sería difícil colocar a obra de Lois. Para Dunne, a sensibilidade de Pereiro, algúns autores do mundo anglófono centrais para el -Carver, Joyce, Pound-, a frescura roqueira do convite á festa "como revolución que vén, o principio do principio que regresa" e, sobre todo, "a potencia das súas imaxes en poemas breves", agoiran unha boa recepción por parte dos lectores ingleses. En edición bilingüe castelán/galego publica a obra completa a barcelonesa Libros del Silencio, cunha tirada inicial de 2.000 exemplares. Está a poesía publicada, poemas soltos, a *Modesta proposición...*, as *Conversas* -baseada nos manuscritos- e a *nouvelle* inacabada *Náufragos do paradiso*, que saíu postumamente nas páxinas de *Luzes de Galicia*. O poeta e xornalista de EL PAÍS Daniel Salgado ocúpase da tradución, para a que esperan ter un prólogo de Pere Gimferrer. O editor, Gonzalo Canedo, defende a obra de Lois con entusiasmo: "Ten todos os méritos para estar á altura de Valente ou Gil de Biedma. É un renovador da lingua galega como o foi Rosalía no XIX".

As dúas grandes editoriais do país, Galaxia e Xerais, preparan tamén un desembarco completo. Xerais, da que toma Dunne o modelo de edición, saca *Poesía completa* a finais de mes, na versión de Ana Acuña; *Modesta proposición... e outros ensaios* espaxados en revistas como *La Naval*, *Luzes* ou *Das Kapital*, coordinado por Fran Alonso; un audiolibro (*Lois Pereiro en vivo*) con extractos dos manuscritos e o recital que deu no café coruñés Moka, en 1996. Ademais, Marcos Calveiro é autor da biografía novelada *Lois Pereiro: náufrago do paraíso*, que sairá contra febreiro, Jacobo Fernández Serrano responsabilízase dunha novela gráfica *ad hoc* e o xornalista Iago Martínez está a piques de entregar a súa biografía, *Lois Pereiro. Vida e obra*. "É o maior esforzo dos últimos anos", considera Manuel Bragado, para quen a diversidade da oferta achegará o poeta a públicos diversos. Galaxia publicará *Le mot juste [A palabra exacta]*, a biografía literaria de Antón Lopo, *Náufragos do paradiso* e unha antoloxía, con limiares estas dúas de Pereiro e Salgado, respectivamente. Chama a atención sobre a noveliña o director editorial de Galaxia, Carlos Lema, que advirte un posible xogo de voces co *Paradiso* de Lezama Lima. Por non inscribir a Lois, Lema prescribire unha mirada oblicua: "Nin lecturas biográficas, nin institucionais, nin malditistas. Habería que intentar facer unha lectura dos textos".

É no texto onde paira o intento de análise de José Luis Calvo e Carlos Gegúndez, onde colza e heroína son "tanxenciais", aínda conscientes de que neste caso é inútil separar vida e obra. *O negro leite da aurora. Viaxe á xeografía lírica de Lois Pereiro* (Toxosoutos), albisca unha tese na que, á parte da influencia do rock vidroso dos setenta, se remarca cómo a súa poética "entronca perfectamente coa poesía romántica". "É un poeta do eu", di Calvo, "pero tamén polos motivos da súa poesía e a concentración estilística". No segundo libro que contan adicarlle a Pereiro, co subtítulo *As belezas do abismo*, búscanlle abeiro a carón de Rimbaud. O papel esgótase cos volumes que preparan o Consello da Cultura Galega (unha edición facsímile da revista *Loía*, con textos de X.M.Pereiro, Manuel Rivas e Antón Patiño) e a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales (SECC), unha antoloxía trilingüe (inglés, galego e castelán) con textos de Eduardo Chamorro, Fermín Bouza ou Antón Patiño, coordinada por X. M. Pereiro.

A isto hai que engadir tres audiolibros máis. No de Do Cumio inclúense as 16 composicións que lle adica Manu Clavijo. Zouma editará outro libro-disco cos oito temas que Alexandre

González compuxera en 2008, sobre poemas recitados por Uxía Senlle, Patiño, Julián Hernández, Luis Iglesia ou Lino Braxe, que tamén dirixe *Mundo Lois*, un espectáculo escénico ideado por Antón Reixa. Ouvimos, pola súa parte, publicou xa *Fotobiografía sonora*, alimento para a iconografía do autor que vén con dous discos, con Xurxo Souto coordinando a homenaxe musical e a derradeira entrevista que lle fixera Ana Romaní para o *Diario Cultural* da Radio Galega. Hibridaxes análogas chegarán desde Xestión Literaria: editan un disco onde o cantautor punk O Leo se arrima ao confesionalismo punk de Pereiro, recitando os seus poemas con música por debaixo. O Leo tamén coordinará un disco de temas sobre obra de Lois a cargo de bandas galegas actuais.

Traballando coas armas do documental, a produtora Mr. Misto Films monta aínda a peza de Gonzalo Enríquez sobre Pereiro. Rematado está *Contra a morte*, de Alexandre Cancelo e Iago Martínez, producido por IB Cinema e a SECC, que incluírá a fita na súa caixa conmemorativa. Martínez -que aproveitou o traballo para a biografía de Xerais- coída que hai unha xeración para a que Pereiro se acabou convertendo "nun carné do partido". "A falta de sindicatos, empregamos a Pereiro coma unha arma arreboladiza contra a patronal da literatura galega". Na interesante viaxe que lle espera ao poeta, rumbo ás escolas, remarca algunhas liñas de fuga para as que aínda non houbo Letras: "Até onde me alcanza a memoria, Lois Pereiro é o primeiro escritor galego en aparecer nas paredes das cidades en forma de *stencil*". E convén recordar que o autor, a autora ou os autores deses grafitos nin están subvencionados nin cobran polo seu traballo nin acumulan capital simbólico: son anónimos".

No que atinxe ás institucións, hai traballo por facer. Patiño organizará unha exposición sobre Lois na Fundación Luís Seoane, mentres os concellos de Monforte e A Coruña preparan as súas propias. Desde a Consellería de Cultura din que coeditarán tres publicacións centradas na súa obra, que a "porán en valor noutras linguas coma o castelán ou o inglés". Tamén artellarán simposios e congresos sobre a súa figura, en colaboración con outras institucións. Non se descarta que algún deles teña lugar na Cidade da Cultura.

Para o ensino, o resto da institución e a iniciativa civil, a comunidade Blogaliza alberga a páxina oficial de Lois Pereiro, facultada para emitir accións ao vivo. O mantedor, Alfredo Ferreiro (*O levantador de minas*), tampouco sabe se a Lois lle gustaría a idea de atopar o seu reflexo fornecendo, ademais das paredes, lapelas, cedés, cartaces ou selos. "Nós, iso é seguro, saímos beneficiados".

Os materiais do Ano Pereiro

- *Poemas 1981-1991* (reed. Positivas).
- *Poesía última de amor e enfermidade* (reed. Positivas).
- *Conversa ultramarina* (Positivas).
- *Collected Poems* (Small Station Press, trad. Jonathan Dunne).
- *Obra completa. Lois Pereiro* (Libros del Silencio, trad. Daniel Salgado).
- *Poesía completa* (Xerais, ed. Ana Acuña).
- *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia e outros ensaios* (Xerais, ed. Fran Alonso).
- *Náufragos do paradiso* (Galaxia).
- *Antoloxía* (Galaxia).
- Biografía e Ensaio** - *Radiografía do abismo* (Antón Patiño, Espiral Maior).
- *Diccionario de sombras* (Antón Patiño, Espiral Maior).

- *Lois Pereiro: náufrago do abismo* (Marcos Calveiro, Xerais).
- *Lois Pereiro. Vida e obra* (Iago Martínez, Xerais).
- *Le mot juste* (Antón Lopo, Galaxia).
- *O negro leite da aurora. Viaxe á xeografía lírica de Lois Pereiro* (José Luis Calvo e Carlos Gegúndez, Toxosoutos).
- *Fotobiografía sonora* (Ouvirmos. Inclúe dous discos, coa homenaxe musical coordinada por Xurxo Souto).

Audiolibros

- *Lois Pereiro ao vivo* (Xerais).
- Do Cumio aínda non ten título para as 16 composicións que o galegoarxentino Manu Clavijo dedica a Pereiro.
- Zouma editará outro libro-disco cos oito temas que Alexandre González compuxera en 2008, becado por Caixa Galicia.

Teatro

- *Mundo Lois* (Nordesía, Kachet e Filmanova). Lino Braxe dirixe un espectáculo escénico ideado por Antón Reixa.

Banda Deseñada

- *Lois Pereiro. Novela gráfica* (Jacobo Fernández Serrano, Xerais).

Audiovisual

- *Contra a morte* (Alexandre Cancelo e Iago Martínez). Documental producido por IB Cinema e a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.
- Gonzalo Enríquez ultima o seu documental para Mr. Misto Films.

Discos

- O cantautor punk O Leo recitará poemas de Pereiro para o disco editado por Xestión Literaria, a empresa que acubilla a Barbantesa Editora e a Axencia Literaria Galega. En paralelo, coordinará un disco con cancións sobre obra de Lois, a cargo de bandas galegas actuais.

Rede - loispereiro.blogaliza.org é a páxina que alberga todas as iniciativas, civís e institucionais, relacionadas con Lois Pereiro.

Edición Institucional

- O Consello da Cultura prepara unha edición facsímile da revista *Loía*.
- A Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales publicará unha antoloxía trilingüe (galego, inglés e castelán) con textos de Fermín Bouza, Antón Patiño ou do falecido Eduardo Chamorro. Coordina X. M. Pereiro.